

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

*EXTRACTO da Resolución do 22 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT215B).*

BDNS (Identif.): 669409.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán acceder a estas axudas as persoas físicas e xurídicas privadas legalmente constituídas domiciliadas en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, que desenvolvan a súa actividade en Galicia, así como as entidades locais galegas, que leven a cabo algún dos festivais descritos no obxecto da convocatoria e cumpran os requisitos referidos no artigo 10.1 da Lei de subvencións de Galicia.

2. As entidades locais galegas poderán presentar a súa solicitude individual ou conxuntamente, como agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou outra fórmula similar. Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberá acreditarse que o servizo se presta de xeito mancomunado, metropolitano ou consorciado, e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

Segundo. *Finalidade*

Regular as subvencións establecidas pola Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), para o apoio á realización de festivais de cinema de carácter profesional celebrados en Galicia que, polas súas características, teñan un interese estratéxico para o sector e convocadas para o ano 2023.



**Terceiro. Bases reguladoras**

Resolución do 22 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT215B).

**Cuarto. Importe**

Para a concesión destas subvencións destínase un crédito global de 225.000 euros, código de proxecto 2015-00003, repartido nas aplicacións orzamentarias seguintes:

10.A1.432B.460.0: 35.000 euros (entidades locais).

10.A1.432B.470.0: 20.000 euros (empresas).

10.A1.432B.481.0: 170.000 euros (asociacións).

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2022

Román Rodríguez González  
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

